

O empresario Benito Iglesias pon en marcha dúas iniciativas para solucionar os problemas

Compromiso emp

P.G.L.

Ourense

Ante o incerto futuro económico que se començaba a debuxar na nosa provincia, un grupo de empresarios inmobiliarios ourensáns decidiron poñer en marcha, a comezos de ano, unha iniciativa empresarial coa que poder asociarse para facer fronte ós problemas que puideran xurdir. Así naceu a Asociación de Empresarios Inmobiliarios de Ourense (ADEIDO), que quere achegar ós seus socios as ferramentas necesarias para facer fronte a este cambio de ciclo, tendo, ademais, un marcado carácter reivindicativo coas institucións provinciais.

Xunto a esta iniciativa, e perseguindo os mesmos fins, durante o mes de agosto tamén se puxo en marcha unha empresa de consultoría e intermediación comercial, o grupo Galicia Internacional, co obxectivo de facilitar ás empresas de toda a provincia a súa apertura ós mercados no exterior, fundamentalmente ó sudamericano.

Á cabeza de ambas plataformas sitíase o empresario Benito Iglesias, que asume con elas un compromiso co tecido empresarial ourensán a través da "búsqueda de solucións empresariais para a nosa provincia, para o mantemento das empresas e do emprego" durante este período económico negativo.

A Asociación de Empresarios Inmobiliarios creouse no mes de xaneiro a través dun grupo de promotores, xestores e inmobiliarias que hoxe se achegan xa ás 60. A pesar de levar pouco tempo en funcionamento ADEIDO está crecente a un ritmo constante e "é das asociacións máis fortes e que está tendo máis peso nes-



CARLOS G. HERVELLA

tes momentos", asegura Iglesias. Para conseguilo teñen achegado ós asociados ferramentas para manterse no mercado e esperan "ser o máis claros posible cos nosos clientes, dando unha imaxe de transparencia e de confianza". A elo contribúe tamén o código deontolóxico que os membros da asociación teñen que subscribir ó pasar a formar parte dela, e co

que pretenden eliminar as malas prácticas habidas ata o de agora no sector "intentando que non as haxa nun futuro e xa nun presente".

Entre as actividades que levan posto en marcha ata o momento atópase o portal inmobiliario www.pisoenourense.com, unha web gratuíta para os asociados "que pretende substituír ós portais inmobiliarios de

Benito Iglesias.

pago, aforrándolle a cada axencia inmobiliaria case 7.000 euros ó ano". Ademais, teñen firmado convenios con diversas entidades, un deles o adquirido co Inorde para estar presente no Salón Inmobiliario de Madrid o ano que vén con custe cero para os empresarios, e contan incluso con representante xurídico propio para todos os asociados. Ademais, ADEIDO, ten presentando varios escritos no Concello de Ourense, o último deles o referente ó IBI dos inmobles, e están pendentes do Plan Urbanístico de Ourense que consideran "hai que facelo ben porque non nos podemos permitir o luxo outra vez de que saia algo mal".

Pero ADEIDO quere ser tamén "un foro social empresarial", isto é, "unha asociación que vai ser reivindicativa cos organismos da provincia", segundo o seu presidente. Para Iglesias, a maioría destas institucións "están obsoletas, caducas e non funcionan en Ourense, pero si funcionan en Vigo, na Coruña ou en Santiago". Por iso, pretenden que "non só sexa un cambio de ciclo económico para as entidades bancarias e para as empresas, senón tamén para a mentalidade de moitas persoas que están ocupando cargos de xestores". Segundo asegura Benito Iglesias "ten que haber unha evolución na provincia, unha evolución na mentalidade do empresario provincial na que ten que acloparse ós novos tempos, tense que asociar, e na que ten que fomentar esa recuperación do sector, sobre todo nunha provincia como Ourense, onde a gran maioría son pequenas empresas".

Na mesma liña se sitúan os obxectivos que Benito Iglesias quere poñer en marcha co grupo Galicia Internacional. Esta empresa, de máis recente creación, xurdiu coa intención de ofrecer servicios de consulto-

Grupo Consultor
Galicia
Internacional

Galicia
Iniciativa Empresarial de Europa

QUIENES SOMOS

En agosto do 2008 as empresas "Global Market, Asesoría Internacional" con Jesús Caneda Aguilar y Anso M. Benito como administradores, y la empresa "Despacho Inmobiliario S.L." con Benito Iglesias como Director General, deciden constituir G.I.C. Galicia Internacional, una nueva empresa que aglutina la experiencia y los recursos humanos de las dos anteriores para un servicio global y más completo de las mismas.

Benito Iglesias
Profesional experto en servicios inmobiliarios y construcción, cuenta con una dilatada y consolidada trayectoria empresarial de 20 años, y con una sólida proyección internacional que le ha llevado a tener una estructura comercial extendida por agentes en más de 12 países de todo el mundo, y en casi toda América.
Presidente de la Asociación de Empresarios Inmobiliarios de Ourense (ADEIDO).

Jesús Caneda Aguilar
Economista por la Universidad de Santiago de Compostela, Galicia-España, profesor de Comercio Internacional, titulado por la U.C. para el transporte internacional de mercancías, actuando como administrador de las empresas: Clusconsulting y Clusament y dirigiendo numerosas proyectos internacionales de exportación e importación.
Presidente de la Asociación de Empresarios Gallegos en San Paulo (AEGASP).

Página web do grupo Galicia Internacional: www.galiciainternacional.com.

bienvenido

ADEIDO

Asociación de Empresarios Inmobiliarios de Ourense

Página web de ADEIDO: www.pisoenourense.com.

mas do tecido empresarial ourensán

Empresarial

ría e de intermediación comercial ás empresas ourensás. Galicia Internacional aglutina xa a 22 empresas de diferentes sectores (encabezadas por: Citius Marketing e Benito Iglesias Despacho Inmobiliario) que teñen un denominador común: están "dirixidas, fundadas ou participadas por empresarios galegos no exterior". Son, ademais, empresas xa consolidadas, que buscan algo máis que o beneficio económico.

Con presenza en dez países, a sede de Galicia Internacional sitúase en Ourense, non por casualidade, xa que pretenden "favorecer o comercio exterior para as empresas da provincia, e que unha compañía que non

Galicia Internacional busca favorecer a internacionalización das empresas da provincia de Ourense

poda exportar o faga a través desta empresa". Ademais, Galicia Internacional conta tamén cunha delegación en Sao Paulo (Brasil), respaldada por empresas con moitos anos de experiencia, e á fronte da que se atopa o presidente da Asociación de Empresarios Galegos en Sao Paulo, Jesús Caneda.

A intención, apunta Benito Iglesias, "é cambiar a estrutura inmobiliarista que hai en Ourense e por suposto dar solucións, e estas pisan polo comercio exterior". Se non hai clientes, asegura o director xeral do grupo, "hai que ir buscalos", pero, continúa, "non a Vigo, nin a Madrid. Hai que buscalos fóra e concretamente a países emerxentes que teñan certas similitudes con nós". Por iso se elixiu o mercado sudamericano. Afirmo Iglesias que "é moi difícil que unha peme ourensá poda facer prácticas no exterior con países como China ou a India, xa que o temos comprobado moitas veces". O mercado natural para os galegos "está en Arxentina, en Uruguai, en Brasil, en Panamá, en Venezuela", e ademais, manifesta, "alí están tamén os centros galegos, os centros empresariais galegos que nos apoian, que nos abren as portas". Por iso, a idea desenvolvida por Galicia Internacional "é entablar contactos coas empresas que xa teñen unha traxectoria empresarial notable e apro-

veitar toda esa estrutura loxística e xurídica" que poñen a disposición dos empresarios galegos "facilitando a súa internacionalización".

Aínda que xa está constituída, non será ata o mes de xaneiro cando se comencen a elaborar proxectos concretos. O lanzamento oficial será na sede da CEO o 14 do vindeiro mes, e nesta presentación tamén estará presente Caneda, que uns días despois participará, xunto co Ministro de Transportes de Brasil, Alfredo Pereira, no III Encontro de Empresarios e Profesionais Galegos en Rede, que se desenvolverá en Santiago do 27 ó 29 de xaneiro.

Tanto ADEIDO como Galicia Internacional son dous proxectos que naceron con financiación propia o que lles permite "non ter ningún tipo de ataduras con ninguén", sinala Iglesias. Eso outórgalles, ademais, maiores facilidades "para cambiar as cousas", o ideario que persiguen, un primeiro paso e que, asegura, chega no "momento máis propicio" para facelo.

Para o presidente, "hai que facer unha crítica constructiva, criticar pero aportando solucións". Afirmo Benito Iglesias que se teñen cometido moitos erros na provincia en todos os sentidos, "pero non imos entrar a suzgalos porque non é o noso cometido". O que pretenden, manifesta, "é recoñecer que temos un problema empresarial e imos intentar arranxalo, e será cando esté arreglado cando sexa o momento de pedir as responsabilidades que haxa que pedir".

O futuro, aínda que se presenta complicado, dependerá para estes empresarios "do que nós mesmos fagamos". Iglesias recoñece que "hai moitas expectativas postas en nós" pero asegura que "se ti creas un proxecto, cres nel e o transmítes á xente que está ó redor, vai ir para adiante". Por iso, "se queremos cambiar as cousas, ímolos dar cambiado".

Aínda que non considera que estes dous proxectos vaian ser a "panacea de todo o mundo" si se amosa convencido que "moitas empresas que ó mellor ían pechar, non o farán". Crear emprego, afirma, "boxe é unha utopía", pero as ferramentas que outorgan tanto ADEIDO como Galicia Internacional "van permitir mantelo, buscar formas para manter o tecido empresarial ourensán". Esta tan só é a primeira parte da loita. Tras ela virá "o cambio na dirección dos organismos, que orientaremos de forma eficaz e real".



Os membros da xunta directiva de ADEIDO.

Na CEO

ADEIDO celebra a súa Asemblea Xeral



Imaxe da Asemblea de ADEIDO celebrada na sede da CEO o pasado novembro.

Op a s a d o mes de novembro, a Asociación de Empresarios Inmobiliarios de Ourense (ADEIDO) celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria. A reunión, á que asistiron os representantes das inmobiliarias asociadas a esta institución, tivo lugar na sede da Confederación Empresarial de Ourense (CEO), á que está adscrita ADEIDO.

Esta asemblea serviu para, ademais de

aprobar as contas e os presupostos de 2008, dar a coñecer as iniciativas que esta asociación ten previsto poñer en marcha.

Unha das primeiras medidas que esperan levar a cabo é a implantación de contratos xenéricos para todas as inmobiliarias, así como das follas de visita a vivendas para os clientes.

Asemade, tamén se debatíu unha proposta referente ó IBI. ADEIDO presentou ó Concello de Ouren-

se unha solicitude para axilizar os trámites de cambio de titularidade deste imposto, xa que ata o de agora os trámites demorábanse ata tres anos, recaíndo no promotor os custos do imposto durante este tempo.

A reunión serviu tamén para estudar a inclusión da asociación no MLS, (Listado Múltiple de Inmobles), unha bolsa común de inmobles que permite a cooperación entre oficinas e axentes das redes

que se inclúen neste sistema e que, segundo o presidente de ADEIDO, Benito Iglesias, permitirá que o asociado "traballe na súa empresa pero compartindo inmobles".

O balance feito por Iglesias desta asemblea foi positivo, e asegurou que os asociados quedaron moi satisfeitos cos acordos adoptados nela. Segundo o presidente dos empresarios inmobiliarios ourensás "a xente saíu moi ilusionada".